



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra

Sendo necesario aprobar unha Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra, dado o crecemento significativo experimentado polo autocaravanismo nos últimos anos e que se debe responder axeitadamente aos problemas que expón esta actividade para as persoas usuarias, administracións públicas e cidadanía en xeral, nos diversos ámbitos materiais afectados e sen esquecer a imprescindible ordenación co obxectivo de protexer os espazos municipais; e visto o informe emitido polo Secretario Municipal sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, en exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde a este Concello e co obxecto de regular o estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra,

DISPOÑO

PRIMEIRO. Que en aplicación do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015 se publique esta Providencia no Portal Web e no Taboleiro de Anuncios do Concello para realizar o trámite de Consulta Pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, durante un período de vinte días hábiles.

SEGUNDO. Que, tras a realización do trámite de consulta previa, polos Servicios Técnicos Municipais, se redacte o proxecto de Ordenanza.

A Alcaldesa – Presidente

Áurea Domínguez Sisto

Fisterra, 3 de decembro de 2024.